

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

RESOLUCIÓN do 19 de decembro de 2012, da Dirección Xeral de Traballo e Economía Social, pola que se dispón a inscrición no rexistro e a publicación, no Diario Oficial de Galicia, do acordo da comisión paritaria do IV convenio colectivo autonómico de pompas fúnebres, relativo á aprobación das táboas salariais para o ano 2013.

Visto o acordo polo que se aproban as táboas salariais para o ano 2013, que subscribiu a comisión paritaria do IV convenio colectivo autonómico de pompas fúnebres, na xuntanza do día 14 de decembro de 2012, e de conformidade co disposto no artigo 90.2 e 3 do Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, e no Real decreto 713/2010, do 28 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios e acordos colectivos de traballo,

A Dirección Xeral de Traballo e Economía Social

ACORDA:

Primeiro. Ordenar o seu rexistro e depósito no Rexistro de Convenios e Acordos Colectivos de Traballo da Comunidade Autónoma de Galicia, creado mediante Orde do 29 de outubro de 2010 (DOG núm. 222, do 18 de novembro).

Segundo. Dispoñer a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 19 de decembro de 2012

Odilo Martiñá Rodríguez
Director xeral de Traballo e Economía Social

ANEXO

Acta da comisión paritaria do IV convenio colectivo autonómico para o sector de pompas fúnebres de Galicia

En Santiago de Compostela, ás dez trinta horas do día catorce de decembro de dous mil doce, na sede do Consello Galego de Relacións Laborais, sita na rúa Algalia de Abaixo, 24, baixo, reúnense as persoas abaixo sinaladas, que forman parte da comisión paritaria do IV convenio colectivo autonómico para o sector de pompas fúnebres de Galicia.

Representación empresarial:

Fernando Ruíz Posse (Agesef).

José Luis Varela Tabarés (Agesef).



Pedro de Diego Olavarrieta (Ageseff).
Eduardo José Martínez Torrado (Ageseff).
José Becerra Vázquez (Fegaserfu).

Representación social:

Serafín Álvarez Seoane (UGT Galicia).
Miguel Ángel Soto García (UGT Galicia).
José Manuel Crespo García (Sindicato Nacional de CC.OO. de Galicia).
Adolfo Naya Fernández (CIG).

Logo do debate e análise das cuestións obxecto desta xuntanza polas representacións presentes nesta comisión, procede reflectir na acta o seguinte.

1. En primeiro lugar, apróbase o libro de rexistro de servizos prestado, que se achega como anexo 1 á presente acta, que entrará en vigor a partir da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

2. En segundo lugar, procédese a aprobar as táboas salariais do ano 2013 conforme o disposto no artigo 19 do IV convenio colectivo autonómico para o sector de pompas fúnebres de Galicia, que quedan do seguinte xeito:

Táboa salarial 2013

Categorías	Salarios Bruto anual
Xefe administrativo	21.158,65 €
Oficial 1ª administrativo	17.085,61 €
Oficial 2ª administrativo	16.103,02 €
Auxiliar administrativo	14.954,72 €
Funerario 1ª	17.085,61 €
Funerario 2ª	14.954,72 €
Funerario 3ª	13.907,89 €
Azafata	14.954,72 €
Mantemento e limpeza	13.907,89 €

3. Por último, os membros da comisión delegan no persoal habilitado do Consello Galego de Relacións Laborais a realización dos trámites de rexistro, depósito e publicidade dos acordos reflectidos nesta acta ante a autoridade laboral competente.

Non tendo máis asuntos que tratar, remata a xuntanza ás doce horas do día sinalado no encabezamento, expídese para o efecto esta acta, que asinan, por duplicado exemplar, todos os asistentes en proba de conformidade.






ANEXO I

LIBRO DE REGISTRO DE PERSOAL

Nº servizo	Data	Apelidos	Nome	Domicilio mortuorio	Localidade de orixe
Funeraria:		Vehículo recollida:		Vehículo conducción:	
Persoal que intervén:		Funeraria:			
		Nome e apelidos	DNI	Nome e apelidos	DNI
Recollida de cadáver:					
Atención familia:					
Preparación cadáver:					
Saída e conducción:					
Levadores:					



LIBRO REGISTRO DE TANATORIOS

Nº de servizo	Identificación do falecido		Permanencia do cadáver no tanatorio				Empresa que realiza o servizo de transporte	Prácticas tanatolóxicas	Responsable técnico
			Desde		Ata				
	Apelidos	Nome	Data	Hora	Data	Hora			
1							Concello da Coruña	Tanatoestética	Pompas Fúnebres, S.A.
2							Concello da Coruña	Tanatoestética	Pompas Fúnebres, S.A.
3							Concello da Coruña	Tanatoestética	Pompas Fúnebres, S.A.
4							Concello da Coruña	Tanatoestética	Pompas Fúnebres, S.A.
5							Concello da Coruña	Tanatoestética	Pompas Fúnebres, S.A.